

## **PALABRAS NA PRESENTACIÓN DO LIBRO *RETORNO A IRIA FLAVIA* (OBRA DISPERSA Y OLVIDADA, 1940-2001) DE CAMILO JOSÉ CELA\***

*Xosé Carlos Caneiro Pérez*

Miñas donas e meus señores:

Creo que hai ocasións nas que é preciso desterrar a frivolidade, tan presente ultimamente nos mundos que o sistema literario concita. Ocasións nas que é necesario e urxente regresar ao respecto que a arte literaria merece. Permítanme expresar a certeza de que hoxe celebramos a arte en sentido estricto e, polo tanto, permítanme tamén expresar a miña satisfacción por estar neste lugar e nesta hora celebrando un novo libro do mestre: Camilo José Cela, probablemente un dos autores eximios, inigualables e inimitables, inmenso, xenial e inspirado que nos propiciou a historia da literatura. Galego de nación e galego de alma. Noso, polo tanto. De *Iria Flavia* e das mil noites desta Compostela na que falamos, esta Compostela metáfora de liberdade, da hospitalidade, da mestura e da tolerancia. Camilo José Cela, un clásico revelador e actual, sempre. Como Borges. O mestre arxentino sinalou acertadamente: “Clásico no es un libro que necesariamente posee tales o cuales méritos; es un libro que las generaciones de los hombres, urgidas por diversas razones, leen con previo fervor y con una misteriosa lealtad”. O previo fervor co que é preciso achegarse a calquera texto do mestre Cela. *Retorno a Iria Flavia* recolle anacos do xenio, prosas plenas de música, excelencia do máis excelente dos autores nosos. Hoxe presentamos un novo Cela para honra

---

\* Introducción, selección de textos e notas, Olivia Rodríguez González. Alvarellos Editora, Santiago, 2006. Pronunciadas o 20 de decembro de 2006 na sede da Fundación Caixa Galicia en Santiago de Compostela.

do seu editor, Henrique Alvarellos, que sabe que a cultura galega vai máis alá da literatura galega, ou sexa, a literatura escrita en galego. A cultura galega, a que nos abre ao mundo, é tamén a cultura de Cela, de Valle Inclán, de Torrente Ballester: intentar negalo é caer no máis ruín dos sofismas. Polo tanto, como confeso admirador do mestre Cela, síntome agradecido por poder celebrar este volume. Agradecido á profesora Olivia Rodríguez que se encargou do prólogo, das notas e da selección dos textos. Agradecido á Fundación Camilo José Cela e a aquelas e aqueles que manteñen viva e alta a memoria dun dos máis insignes artistas da historia das humanidades. Digo artista, defensor da arte, buscador eterno da beleza e dos misterios do ser humano. Malos tempos estes nos que é preciso pelexar para defender as evidencias. Malos tempos estes nos que a arte quedou sepultada polaseudoliteratura, o sucedáneo literario, o correccionismo político e a vil hipocrisía que concita. De Cela, teño dito tantas veces, importa a obra. Magna. De Cela importa o seu modo de vivir por e para a arte, de desafiar o tempo, de converter a súa vida nunha aventura intensa na procura da revelación e do coñecemento.

Cela é un mestre. Probablemente un dos máis ilustres escritores da contemporaneidade. Digo tal con insistencia e convencemento, vehemente e sincero, afastado do servilismo político que empuxa a considerar a dimensión social dos autores, as súas opinións e cívicos compromisos, e non a súa obra literaria. Todo o que aquí proclamo responde ao amor polos seus libros, todo o que deles aprendín, gocei, sentín, ás emocións que por eles aínda quedan no meu adentro, onde só perdura o inevitable e auténtico e eterno. Onde perduran as lágrimas pero tamén o gozo. O permanente. O clásico, quero dicir.

A literatura de CJC e clásica e pertence ao acervo universal do excelso e maxistral. Unha obra que se enriquece coa relectura e que descobre o mundo intransferible, e inaudito, que só ela (a obra) pode amosar. Reitero unha vez máis: tempo triste este no que o escritor debe exercer máis de Relacións Públicas que de Literato para conseguir a aceptación no Parnaso literario, cada vez máis empobrecido e ramplón. Malos tempos estes en que as Letras, perdido o prestixio e a función social dos escritores, acadan refuxio en “cuadras” economicoliterarias para ocultar o baleiro, a Nada, que corroe unha boa parte das ficcións hispánicas, ese ermo que exemplifica o éxito puntual e efémero de autores de espantosa mediocridade dos que resulta máis relevante a súa opinión, a súa prestancia de carácter, a súa habilida-

de social, fotografía e fotograma, que a súa obra. Porque a obra non ten aprezo ou peso por si mesma. Importan os cenáculos, as influencias e círculos e poderes. En tanto, os textos que pretenden desafiar ao tempo e á cotidianidade, invisibilízanse nos andeis das librerías, máis atentas ao poder mediático que aos valores intrínsecos que a arte debe preservar. De Cela, reitero, importa a súa obra xigantesca, quevediana, cervantina, valleinclanesca, inaudita en innumerables ocasións, plena de convicción, talento e transgresión. Afirmo a miúdo que a teoría literaria dun escritor é a súa propia obra, non ten outra. En Cela non hai concesións á mediocridade. Neste libro, que recolle textos que veñen dende 1943, non existe tampouco tal impostura. É un libro paradigmático dentro do mercado literario galego: porque recolle ao Cela próximo (el, que nunca saíu do corazón de Iria Flavia). O Cela humanista e humano. Pero sobre todo, está aquí o mestre da escritura, da dicción, da palabra, do ritmo sutil. O Cela mestre. O Cela perenne que escribiu para permanecer. Camilo José Cela en estado puro.

Creo que a literatura e o debate literario en Galicia evidencian a inherente anormalidade cultural na que vivimos, e viviremos, mentres non afrontemos con intrepidez uns novos cauces para facer literatura: menos dependentes do círculo vicioso do mercado institutal e infantoxuvenil, máis ambiciosos, menos amedrentados pola linguaxe literaria e o posible fracaso de propostas estéticas non-argumentais, esenciais e existenciais, humanistas e lingüísticas. A literatura e a controversia de ideas debe ser enriquecedora para un país e a súa cultura. O silencio é a lacra imposta polo monoteísmo ideolóxico. O silencio, a aquiescencia, a anestesia na que vivimos son o espello da corrección política (“siempre al servicio de las inclinaciones del público”, escribiu Borges con ironía). A corrección política resulta abominable. *Retorno a Iria Flavia*, como todo Cela, é un libro incorrecto, por fortuna. Un libro que é preciso ler en voz alta para descubrir a súa música. Un libro que nos reconforta e reencontra coa literatura. Un libro que non podemos calar. Un libro para celebrar e celebrarnos. *Retorno a Iria Flavia*. Talvez Cela non precisaba volver, regresar. Permítanme repetir que o mestre nunca saíu de aquí. Vive e viviu sempre en Nós, no corazón e na alma desta terra que loita permanentemente en contra da desaparición. En contra, tamén, dos que pretenden minorizarnos excluindo ou distanciando a un autor inmenso, orixinal, inigualable. Camilo José Cela é noso, de aquí. E por ser de

108 *Palabras na presentación do libro Retorno a Iria Flavia*

aquí é tamén de todas partes. Xunto con Cervantes, o máis universal dos escritores hispánicos. Con Otero Pedrayo, o máis sabio dos polígrafos. Con Rosalía, o máis profundo dos vástagos da arte. Reivindico a Camilo José Cela unha vez máis, con ansia. Reivindico a actualidade da súa obra e o vigor da súa pulsión literaria. Segue a ser o exemplo máis digno e entregado do que eu considero un literato. O resto, como dixo o príncipe Hamlet, é só silencio. Gloria ao mestre por e para sempre. O seu recordo segue a mover o noso afán. O que resiste, gana. Miñas donas e meus señores, moitas gracias.